

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 27 DE OUTUBRO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Adolfo Fernández Fernández

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Casanova Cudeiro, Manuel

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Excusan ausencia:

PDI

Pérez Losada, Fermín

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

A xunta de facultade realízase por correo electrónico habilitándose o enderezo sfho@uvigo.es para a recepción de todas as suxestións que os membros queiran realizar e para proceder ás votacións. Participan na xuntanza os membros que figuran á marxe, o martes 27 de outubro de 2020, ás 17.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, do reparto da partida de Laboratorios Docentes xa que se acaba de recibir o importe íntegro. A partir da hora indicada na convocatoria a decana realizará a proposta do equipo decanal á que poderedes realizar ás aportacións que se consideredes no email sfho@uvigo.es antes das 18.30 h do 27/10/2020

1. Aprobación, se procede, do reparto da partida de Laboratorios Docentes xa que se acaba de recibir o importe íntegro. A partir da hora indicada na convocatoria a decana realizará a proposta do equipo decanal á que poderedes realizar ás aportacións que se consideredes no email sfho@uvigo.es antes das 18.30 h do 27/10/2020.

A secretaria da facultade ás 10.42h do día 27/10/2020, remite a todos os membros da xunta de facultade un escrito explicativo da decana para a súa toma en consideración de cara á xuntanza que terá lugar pola tarde por correo electrónico. Lémbrese que para considerar a asistencia dos membros é necesario que formulen a súa opinión ou o seu voto por correo electrónico desde as 17.00 ata as 18.30 horas.

Escrito remitido pola decana:

Mando este correo con antelación por todas as posibles dúbidas que poidan xurdir.

O motivo desta xuntanza urxente, a través do correo electrónico, é que onte notificaron o reparto completo da partida de laboratorios docentes.

Se recordades, no mes de xullo, asignaron un 25% do total. Dada esta circunstancia e as necesidades previsibles de gasto pola COVID, acordamos en Xunta de Facultade (22/07/2020) que se interrompía o habitual reparto dos laboratorios docentes e que este importe se empregaría na compra de portátiles. Así, se mercaron un total de catro.

Se ben é certo que o compromiso do reitor sempre foi que se era posible os cartos se restituían, eu xa non pensaba que ía ser neste exercicio económico. Con esa idea establecéronse os gastos das necesidades do Centro e afrontáronse todos os cambios nas aulas para a docencia mixta.

A día de hoxe todos os gastos están cubertos e polas opinións do profesorado e alumnado parece que todo funciona ben.

Ontes comunicouse o ingreso de 4.096,63 euros na partida de laboratorios docentes e temos que decidir como imos empregar esa cantidade.

Dadas as circunstancias expostas, a proposta do equipo decanal é a seguinte:

Aprobar o retomar as quendas de reparto de laboratorio que sería para os seguintes: Historia da Arte, Arqueoloxía e Prehistoria e Historia Antiga e restituír a totalidade do importe.

Se isto se aproba temos que ter en conta o seguinte:

Para cada laboratorio habería 1395,5 euros para material inventariable

Ademais é posible restituír os 1340,71 euros (446 por laboratorio) que poderían gastarse tanto na partida de material funxible e traballos a terceiros (incluídas traducións, mantemento de páxina web por exemplo), como na de material inventariable, xa que é un gasto agora que depende do Centro. Nestes momentos o centro ten máis liquidez en material funxible que en material inventariable.

En función desta decisión, temos pendente a compra de máis portátiles, dependendo do remanente na partida de inventariable.



Algúns membros comunican por correo electrónico que por problemas de axenda enviarán un pouco máis tarde o sentido do seu voto. Acéptase a solicitude e prorrogase a posibilidade de votación ata as 19.30 h.

Finalmente, ás 19.30 h, realízase o recuento dos votos e apróbase a proposta do equipo decanal por unanimidade.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 19.35 h do día 27 de outubro de 2020, da que eu como secretaria, dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba